


PROXECTO RÍOS: 15 ANOS UNINDO RÍOS E PERSOAS

Paco Bañobre e Ramsés Pérez*

Este pasado ano Proxecto Ríos estivo de aniversario. Na última etapa foron sumándose novas iniciativas, que entre outras, afondaron na custodia fluvial e na participación en proxectos europeos que pretenden levar adiante o noso lema de sempre: Unir Ríos e Persoas.



Cabeceira do portal web do Proxecto Ríos.

Logo de facer balance da primeira década do Proxecto Ríos, nos últimos cinco anos continuamos coas actividades xa clásicas, poderíamos dicir, do programa de voluntariado ambiental que máis proxección e participación teñen no país: saídas formativas, cursos de formación, encontros de voluntariado, "roteiríos" (programa de itinerarios) e convocatorias de limpeza simultánea de ríos. Estimamos que nestes 15 anos, o Proxecto Ríos chegou a máis de 10.000 persoas, que participaron nalguna das súas actividades.

QUE NOVIDADES HOUBO NO PROXECTO RÍOS?

Un dos resultados do Plan Estratéxico elaborado durante o período 2010–2014, foi o de afondar na Custodia do Territorio, tanto apoiando a entidades que forman parte do Proxecto Ríos como impulsando iniciativas propias.

Así, en abril de 2017, ADEGA asina un acordo de custodia do territorio coa Confederación Hidrográfica Miño Sil para realizar actuacións de conservación e garda fluvial no río Tea, no concello de Mondariz, entre Ponte Cernadelas e os Pasos de Tatín. O convenio foi o primeiro destas características asinado en Galiza entre un organismo de bacía e unha ONG e o terceiro en España, e veu consolidar unha liña de traballo para a eliminación de flora exótica invasora na bacía do río Tea que xa se levaba anos desenvolvendo.

Na actualidade, os campos de voluntariado continúan realizándose, e como corresponde aos proxectos de eliminación de invasoras, o traballo constante vai dando os seus pasos, conseguindo que moitos treitos do leito gocen dunha vexetación de ribeira sen especies modificadoras do hábitat.

PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS EUROPEOS

Unha das liñas de traballo de ADEGA dende hai anos é a de crear sinerxías con outras entidades para levar adiante accións de participación ambiental que teñan entre os seus obxectivos acadar solucións a problemas ambientais empregando ferramentas de participación social, como son a educación ambiental, voluntariado ambiental ou ciencia cidadá.

No ano 2018, Proxecto Ríos-ADEGA participou no proxecto internacional LIVINGRIVER –Coidando e protexendo a vida e a cultura o redor dos ríos e regatos, financiado polo programa Erasmus+, baixo a Cha-

ve Acción 2, sector de Educación Secundaria (KA201) para o período 2018-2021. Esta iniciativa pretende poñer en valor a vida dos ríos e regatos, e fomentar a ciencia cidadá para contribuir a súa preservación. Para acadar este obxectivo ten como metas:

1. Alertar á sociedade acerca da protección e coidado dos ríos e regatos non só pola importancia medioambiental e ecolóxica, senón tamén pola súa historia e o seu valor cultural e social.
2. Reforzar as aptitudes e competencias da poboación para promover ideas que contribuirán na mellora das condicións ecolóxicas e sociais dos ríos e os seus ecosistemas.

LIFE INVASAQUA

O traballo de Proxecto Ríos e ADEGA na difusión da problemática das especies invasoras e as accións e programas desenvolvidos para a súa eliminación motivou que fora unha das entidades colaboradoras do Proxecto LIFE Invasaqua, iniciativa que nace no ano 2018 co obxectivo de apoiar a comunicación, a xestión e a difusión de información sobre as especies exóticas invasoras (EEI) acuáticas na península ibérica. Está



Xornada co profesorado do LIFE Invasaqua.

Ramsés Pérez

coordinado pola Universidade de Murcia e colaboran outras 8 entidades de España e Portugal. Proxecto Ríos-ADEGA súmase a este proxecto en colaboración coa Associação Portuguesa de Educação Ambiental, mediante a realización de actividades relacionadas coas EEI en centros de ensino. Empregando a metodoloxía de inspección de río, realizáronse actividades de concienciación sobre a problemática que producen as EEI nos ecosistemas fluviais en 4 centros de ensino de Galiza. Ademais, o alumnado terá a oportunidade de asistir a conferencias e congresos organizados co propósito de fomentar o intercambio de experiencias, creando un ambiente enriquecedor.

Durante os anos 2019 e 2020, realizáronse varias saídas aos ríos cos centros de ensino seleccionados. Tamén, ao inicio do proxecto desenvolvéronse xornadas formativas para o profesorado implicado, que participaría ao longo de todo o proceso. Ademais, contemplamos que o alumnado producira diferentes materiais como infografías, murais ou vídeos sobre as actividades desenvolvidas e que se puideran empregar, precisamente, na difusión de información sobre as EEI no ámbito educativo.

DIADES

DiadES é un proxecto Interreg que ten como obxectivo avaliar e mellorar os servizos ecosistémicos, que contemplan os beneficios ecolóxicos, económicos e culturais, proporcionados polos peixes migradores no Espazo Atlántico.

ADEGA e o Proxecto Ríos participan como parte interesada do proxecto en colaboración co Laboratorio de Hidrobioloxía da USC. Como ONG, o noso papel consiste en aportar a experiencia acumulada nestes anos para avaliar non só os servizos ecosistémicos que proporcionan os peixes diádomos ao medio fluvial, senón tamén a relación que as persoas que se achegan aos ríos de forma voluntaria establecen ao realizar actividades de estudo e conservación no medio fluvial, aspecto que redundará nun beneficio socio ambiental e axuda a mitigar os efectos do cambio climático sobre os nosos cursos fluviais.

A perda e alteración dos hábitats, a contaminación, a sobre pesca e o cambio climático son os principais factores que ocasionan o declive das poboacións de peixes migradores a nivel global. A creación deste proxecto multidisciplinar, coa participación de 5 países (Francia, Portugal, España, Inglaterra e Irlanda), ONGs e empresas, busca avanzar na xestión do medio natural, e nomeadamente nos ríos, intentando aglutinar aspectos ecolóxicos, sociais, científicos, económicos e culturais que dean resposta aos futuros retos que orixinará o cambio climático.

Interreg Atlantic Area DiadES PARTICIPANTS WORK PACKAGES COMMUNICATION INTERACTIVE WEB ATLAS CONTACT



Portais web dos DiadES e QuiroRíos, iniciativas nas que se integra o Proxecto Ríos.



Logotipo dos 15 anos do Proxecto Ríos.

QUIORÍOS

Dende 2018, o Proxecto Ríos participa no seguimento e monitoraxe das poboacións de morcegos que viven preto dos ríos, especialmente dunha especie, o morcego das ribeiras (*Myotis daubentonii*), que está intimamente ligada aos bosques de ribeira, onde establece os seus refuxios, podendo servir como indicador da súa calidade. Depende fortemente dos sistemas acuáticos para a súa alimentación, que é basicamente insectívora, aínda que tamén pode capturar algún peixe pequeno.

Existe, polo tanto, un protocolo para determinar a presenza e a abundancia desta especie nun treito de río. Os datos recollidos serven para coñecer a condición e estado de saúde do ecosistema fluvial. Dende o Proxecto Ríos promovemos que o voluntariado incorpore nas súas inspeccións ao seguimento dos morcegos que hai no seu treito como un complemento para determinar a calidade ecolóxica do río.

Realízanse estes estudos en colaboración con outras entidades: GEAS (Grupo de Estudo dos Animais Salvaxes), Museo de Ciencias Naturals de Granollers e Asociación Galanthus. Estas dúas últimas entidades catalás son as promotoras do proxecto QuiroRíos.

AS FICHAS DAS INSPECCIÓNS DE RÍO

Por outra banda, nos derradeiros 5 anos renovamos e editamos o material que usa o voluntariado nas inspeccións de río. As fichas de árbores, patrimonio etnográfico, peixes, aves e mamíferos e réptiles e anfibios, foron redeseñadas engadindo especies para afondar no coñecemento da biodiversidade dos nosos ecosistemas fluviais. Recuperouse a clave dicotómica de macroinvertebrados, e a ficha que ofrece información sobre a súa alimentación e sobre os lugares nos que viven dentro do hábitat fluvial, aspecto moi útil á hora da súa identificación. En 2020 editamos unha ficha nova relacionada cos rastros e pegadas da fauna máis común que podemos atopar na beira dos ríos.

En canto ás redes sociais, Facebook e Instagram, publicamos a tempo real imaxes e vídeos das actividades, o que redundará na difusión do proxecto entre a sociedade. En 2018 construímos unha nova páxina web adecuada aos requirimentos dixitais actuais. Ao longo de 2021 e dos vindeiros anos esperamos continuar con todas estas actividades, "Unindo Ríos e Persoas".

* Paco Bañobre e Ramsés Pérez son educadores ambientais de ADEGA e de Proxecto Ríos.
Web: www.proxectorios.org